

## 2023000019073: CONVENIO ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA OS ESPECTÁCULOS DA REDE CULTURAL 2023 - CONCELLO DE ZAS

NATIVIDAD DE JESÚS GONZÁLEZ RODRÍGUEZ, deputada delegada de Cultura, Igualdade, Lingua e Dereitos Cívís, en virtude da Resolución da Presidencia número 29343, do 27 de xullo de 2023, pola que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área, en representación da Deputación da Coruña, e

MANUEL MUIÑO ESPASANDIN, en representación do CONCELLO DE ZAS

De acordo coas bases reguladoras da programación da Rede Cultural da Deputación da Coruña, cuxa convocatoria para o ano 2023 foi publicada no Boletín Oficial da Provincia número 14, do 20 de enero de 2023, acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

### CLÁUSULAS

PRIMEIRA: De conformidade coa resolución número 16062, do 20 de abril de 2023, os espectáculos adxudicados ao Concello son os seguintes:

#### ALICERCE

##### *Programa de grupos de música, danza e teatro non profesionais para concellos e entidades*

Espectáculo - Entidade / empresa	Actuac.	Total espectáculo		%Deputación		%Concello		Total
		Caché.	Total	Caché.	Total	Caché.	Total	
(CO CH/2) CHARANGA O RUMBO DE SARDIÑEIRO: PASARRÚAS, CONCERTOS, PROCESIÓN MÚSICA TRADICIONAL E ACTUAL. - A.VV. O RUMBO SAN JUAN DE SARDIÑEIRO- FISTERRA	CO 93/1	580,00€	580,00€	435,00€	435,00€	145,00€		145,00€
(CO BM/14) A.C. BANDA DE MUSICA EDUARDO PONDAL: MÚSICA NAS RÚAS - ASOCIACION CULTURAL BANDA DE MUSICA EDUARDO PONDAL	CO 93/2	1.660,00€	1.660,00€	1.245,00€	1.245,00€	415,00€		415,00€
<b>TOTAL PROGRAMA</b>		<b>2.240,00€</b>	<b>2.240,00€</b>	<b>1.680,00€</b>	<b>1.680,00€</b>	<b>560,00€</b>		<b>560,00€</b>

#### ESCENA AO VIVO! Categoría profesional

##### *Ciclo de espectáculos de intérpretes profesionais de música*

Espectáculo - Entidade/empresa	Actuac.	Total espectáculo			%Deputación		%Concello			Total
		Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Caché.	Equipo		
(MC FMI/9) Abril: Abril - URDIME S.COOP.GALEGA	MC 93/1	1.520,00€	1.100,00€	2.620,00€	1.140,00€	825,00€	1.965,00€	380,00€	275,00€	655,00€
<b>TOTAL PROGRAMA</b>		<b>1.520,00€</b>	<b>1.100,00€</b>	<b>2.620,00€</b>	<b>1.140,00€</b>	<b>825,00€</b>	<b>1.965,00€</b>	<b>380,00€</b>	<b>275,00€</b>	<b>655,00€</b>

##### *Programa de espectáculos profesionais de teatro e monicreques*

Espectáculo - Entidade/empresa	Actuac.	Total espectáculo			%Deputación			%Concello			Total
		Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo		
(TT PTM/35) MARTA DOVIRO: MEMORIAS DUNHA RAPASA DA COSTA - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOP GALEGA	TT 93/1	1.452,00€		1.452,00€	1.089,00€		1.089,00€	363,00€		363,00€	
(TT PTO/36) Aantena: Golpes - URDIME S.COOP.GALEGA	TT 93/2	745,00€	95,00€	840,00€	558,75€	71,25€	630,00€	186,25€	23,75€	210,00€	
(TT TMU/19) PISCORE: MOLTO BARROCO - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOP GALEGA	TT 93/3	2.299,00€		2.299,00€	1.724,25€		1.724,25€	574,75€		574,75€	
(TT PCO/23) De Ste Xeito Producións: Feminissimas - STEPHANIE MAYBELLE LLARYORA	TT 93/4	2.950,00€		2.950,00€	2.212,50€		2.212,50€	737,50€		737,50€	
<b>TOTAL PROGRAMA</b>		<b>7.446,00€</b>	<b>95,00€</b>	<b>7.541,00€</b>	<b>5.584,50€</b>	<b>71,25€</b>	<b>5.655,75€</b>	<b>1.861,50€</b>	<b>23,75€</b>	<b>1.885,25€</b>	

## Programa de maxia

Espectáculo - Entidade/empresa	Actuac.	Total espectáculo			%Deputación			%Concello		
		Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total
(MX PMI/74) O MAGO PACO: "CINEMATOMAGO" - CHARLATANA S.COOP.GALEGA	MX 93/1	1.200,00€		1.200,00€	900,00€		900,00€	300,00€		300,00€
(MX PMI/40) MAGO NOEL: QUÉ CURIOSO! - PISTA CATRO PRODUCTORA DE SOÑOS, S.L.	MX 93/2	950,00€	450,00€	1.400,00€	712,50€	337,50€	1.050,00€	237,50€	112,50€	350,00€
TOTAL PROGRAMA		2.150,00€	450,00€	0,00€ 2.600,00€	1.612,50€	337,50€	0,00€ 1.950,00€	537,50€	112,50€	0,00€ 650,00€

## LINGUA A ESCENA

**Programa de espectáculos profesionais de música, teatro, danza, narración oral e monicreques con contidos específicos orientados á dinamización social da lingua galega, para concellos.**

Espectáculo - Entidade/empresa	Actuac.	Total espectáculo			%Deputación			%Concello		
		Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total	Caché.	Equipo	Total
(LG LNA/1) MAGO TETO: AS NOSAS LETRAS - HECTOR GARCIA GUERRA	LG 93/1	1.650,00€	550,00€	2.200,00€	1.237,50€	412,50€	1.650,00€	412,50€	137,50€	550,00€
(LG LNU/10) Aldaolado: Chulísima - URDIME S.COOP.GALEGA	LG 93/2	1.235,00€		1.235,00€	926,25€		926,25€	308,75€		308,75€
TOTAL PROGRAMA		2.885,00€	550,00€	3.435,00€	2.163,75€	412,50€	2.576,25€	721,25€	137,50€	858,75€

## RC-CC

Espectáculo - Entidade / empresa	Actuac.	Total espectáculo		%Deputación		%Concello				
		Caché.	Total	Caché.	Total	Caché.	Total			
(MC POM/150) CE ORQUESTRA PANTASMA : HOME ORQUESTRA - CULTURACTIVA SOCIEDADE COOP GALEGA	MC 93/2	726,00€	726,00€	544,50€	544,50€	181,50€	181,50€			
TOTAL PROGRAMA		726,00€	726,00€	544,50€	544,50€	181,50€	181,50€			
(TT DRA/24) MALASOMBRA: TESTOSTERONA - MALASOMBRA PRODUCTIONS, S.L.	TT 93/5	3.388,00€	3.388,00€	2.541,00€	2.541,00€	847,00€	847,00€			
TOTAL PROGRAMA		3.388,00€	3.388,00€	2.541,00€	2.541,00€	847,00€	847,00€			
TOTAL CONCELLO		20.355,00	2.195,00€	0,00€ 22.550,00	15.266,25	1.646,25€	16.912,50	5.088,75€	548,75€	5.637,50€

SEGUNDA.- A Deputación atribúelle ao Concello a contratación dos espectáculos que o Concello ten adxudicados, polos importes totais que figuran na cláusula primeira.

TERCEIRA.- A sinatura deste convenio supón as seguintes obrigas para a Deputación:

- 1.- Desenvolver o control e seguimento da programación aprobada, así como garantir o seu correcto funcionamento e o cumprimento das obrigas laborais, técnicas e organizativas de cada unha das partes (concellos e artistas).
- 2.- Garantir a posibilidade de consulta pública, a través da súa web, da programación final aprobada para cada entidade. Garantirase a posibilidade de acceso á información por artista ou campaña, data e espazo cultural/entidade/concello. Igualmente no apartado "Consulta de Actuacións" posibilitarase a consulta dos datos completos das fichas de cada espectáculo contratado.
- 3.- Desenvolver estratexias e iniciativas de difusión social da programación da Rede Cultural.
- 4.-Cofinanciar os espectáculos incluídos na Rede, mediante as achegas que correspondan segundo o sinalado na base 5.2.

CUARTA.- A participación na Rede Cultural e a sinatura deste convenio supón as seguintes obrigas para o Concello

- 1.- Organizar os espectáculos e velar polo seu correcto desenvolvemento, así como proporcionar o persoal de vixilancia que se precise.
- 2.- Contratar os espectáculos que teña adxudicados.

3.- Poñer a disposición dos grupos ou empresas o persoal necesario para axudar á carga e descarga do material. Garantir o cumprimento das necesidades técnicas acordadas coas compañías e artistas, así como o bo estado, limpeza e correcto acondicionamento dos espazos escénicos.

4.- Realizar a publicidade das funcións. Difundir adecuadamente a celebración dos espectáculos contratados, indicando expresamente nos soportes de difusión (carteis, cuñas radiofónicas, páxina web, redes sociais...) a pertenza da programación á Rede Cultural da Deputación da Coruña.

5.- Na difusión dos espectáculos nas redes sociais (twitter, facebook) vincular ou citar nos contidos de difusión aos perfís da área de Cultura da Deputación da Coruña: en twitter @DACCultura e en facebook o perfil facebook.com/ Culturadac

6.- Realizar un traballo adecuado de xestión de asistencia, que incluírá:

- Peche do espazo unha vez comezado o espectáculo.

- Cobertura e envío telemático á Deputación, para efectos estatísticos, dunha ficha de control de cada función no prazo de 15 días posteriores ao desenvolvemento desta. Nesa ficha incluírase a información seguinte: data, hora e espazo de celebración da actividade, nome do artista e do espectáculo, prezo de entrada (se houber, e en tal caso follas de taquilla e declaración de ingresos), capacidade do espazo de actuación, número de persoas asistentes.

7.- Comprobar, con anterioridade á data da función, que as compañías profesionais teñen aos artistas e profesionais dados de alta na Seguridade Social no momento de realizar a actuación. Esta comprobación farase a través da presentación dos documentos de alta na Seguridade Social

8.- Cubrir mediante a póliza de seguro os riscos de accidentes, así como os de responsabilidade civil que se poidan derivar da realización dos espectáculos, coas seguintes coberturas mínimas:

- \* Responsabilidade civil para todo o persoal implicado na actividade, cun límite mínimo de indemnización de 100.000 €.

- \* Accidentes, que incluírá, como mínimo, as seguintes garantías: morte: 12.000€ e invalidez: 12.000€.

9.- Expedir os documentos acreditativos da realización dos espectáculos realizados: declaración, certificación ou calquera outro no que se acredite a realización do espectáculo.

10.- Someterse ás actuacións de comprobación da Deputación, así como a calquera outra de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes.

11.-Aboar os gastos correspondentes ás axencias de propiedade intelectual e artística correspondentes (SGAE, DAMA...).

QUINTA.- Correspóndelle ao Concello o pago da totalidade do prezo do espectáculo a cada un dos grupos ou empresas que realicen os espectáculos nas condicións sinaladas na solicitude.

SEXTA.- A Deputación aboaralle ao Concello o importe da porcentaxe (base 5.2) de cada unha das funcións, que deberán ser xustificadas de xeito individualizado na plataforma informática habilitada pola Deputación para estes efectos.

Para o cobramento de cada un dos espectáculos, os concellos deberán achegar a seguinte documentación:

- Copia do contrato suscrito entre o Concello e o grupo ou empresa e, se for o caso, copia compulsada da correspondente resolución da Alcaldía, en virtude do disposto nos artigos 118 e 131.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. Nos mesmos deberá figurar o nome e datos da entidade ou empresa, nome da compañía, nome do espectáculo e caché, con desglose de importes de espectáculo e equipamento técnico.

- Certificación ou informe no que se acredite a realización do espectáculo concedido.

- No caso de actuacións profesionais, certificación ou informe da comprobación das altas na Seguridade Social das e dos artistas participantes no espectáculo concedido.

Logo de que a Deputación aboe o espectáculo, o Concello remitiralle á Deputación, no prazo de dous meses, certificado de ter realizado o pagamento (no que conste a actuación, o

importe ingresado e a data de ingreso) e, no caso de non facelo, iniciárase o correspondente expediente de reintegro pola cantidade aboada indebidamente.

No caso de anulación de espectáculos estarase ao disposto na base 5.5 da convocatoria.

SÉTIMA.- Os espectáculos incluídos neste convenio realizaranse no ámbito territorial do concello ao longo de todo o ano 2022 e até o 31 de marzo do 2023, polo que se outorga eficacia retroactiva ao dito convenio desde o 1 de xaneiro de 2022.

Como norma xeral, os espectáculos serán públicos e gratuítos e non poderán ser utilizados en actos privados. Só no caso daqueles concellos que así o estableceran poderán proceder ao cobro das entradas cos importes que corresponda a este tipo de actuacións. O importe recadado quedará a beneficio do Concello.

OITAVA.- O prazo de presentación da documentación xustificativa da realización dos espectáculos rematará o 15 de maio de 2023.

A presentación da documentación despois do citado prazo terá a consideración de incumprimento leve e dará lugar á imposición das sancións que figuran na base 5.6 da convocatoria.

NOVENA.- Serán motivo de exclusión da participación neste programa na próxima convocatoria as accións ou omisións que se sinalan deseguido:

- A falta da sinatura do convenio por parte do concello. Ademais, deberá aboar o importe total da actuación e excluír á Deputación de calquera responsabilidade

- A falta de pagamento da porcentaxe do caché que lle corresponde ao concello.

- Calquera modificación do caché indicado na solicitude de participación, sen xustificar.

- Calquera modificación da empresa ou entidade que inscribe os espectáculos, xa sexa no momento da contratación por parte do concello ou no momento da presentación das facturas. Tamén dará lugar a perda do dereito ao cobro dese espectáculo por parte do concello.

Na Coruña,

O deputado de Cultura,

A persoa representante do Concello,